LINGUA GALEGA E LITERATURA

OPCIÓN 1

Rice chegara anos atrás dun punto perdido da China, fuxindo da miseria e do tedio, procurando experiencias e ruído, fóra xa dun mundo en desequilibrio por mor dun encoro descomunal, **que** levaban anos construíndo no curso do río Yan-tze.

Ao chegar á cidade pasara por mil traballos menores, deses **que** adoitan facer os inmigrantes sen permiso de traballo, dificultado por un escaso coñecemento da lingua e por unha tendencia incomprensíbel a non procurar o abeiro dos cidadáns da súa fala. Adaptárase ben, ou así llo parecía a el e aos seus amigos, con esa facilidade sutil **que** teñen os pobos de estirpe emigrante para sentirse, logo do desconcerto inicial, aparentemente integrados en calquera parte do mundo.

Chegara para ficar, tras moitos avatares e moitas dúbidas, vivindo no gume cortante da incerteza e a inseguridade, sufrindo ameazas ficticias e verdadeiras, suando sangue para chegar á cidade de promisión, ao refuxio de tantos cosmopolitas forzosos, de tantos desherdados de raíces, de tantos perdidos nun mundo **que** xiraba aloucadamente sen deterse a pensar por que xiraba e por que o facía aloucadamente.

Xabier Queipo, *Dragona*, 2007.

BLOQUE I

1.- Fai un esquema coas ideas principais e secundarias do texto. (1 punto)

2.- Expón a túa opinión persoal sobre a inmigración en España. (Mínimo 20 liñas) (2 puntos)

BLOQUE II

3.- Indica se é aberta ou pechada a vogal tónica das seguintes palabras: *miseria* (liña 1), *mor* (liña 2), *facer* (liña 4), *logo* (liña 7) e *incerteza* (liña 9). (1 punto)

4.- Indica o significado que teñen no texto as seguintes palabras: *curso* (liña 3), *abeiro* (liña 6), *estirpe* (liña 7), *gume* (liña 9) e *promisión* (liña 11). Non son válidas as definicións só con sinónimos. (1 punto)

5.- Indica a función sintáctica que desempeña cada un dos catro *que* resaltados no texto (en negriña e subliñados). (1 punto)

6.- A normalización lingüística do galego. Estado actual e perspectivas da lingua galega. (Mínimo 15 liñas) (1 punto)

BLOQUE III

7.- Noriega Varela e Ramón Cabanillas. Obras representativas e características da súa escrita. (Mínimo 20 liñas) (3 puntos)

LINGUA GALEGA E LITERATURA

OPCIÓN 2

Lucía e Mabel tiñan 15 anos. O domingo incrementaron o número de mortos nas estradas galegas. Viñan de madrugada dunha festa, dun botellón. Non ían conducindo, estaban no asento traseiro do vehículo, pero tampouco levaban o cinto de seguridade posto. Esqueceron prenderse á vida.

A maior parte dos sinistros teñen por protagonistas xente nova. ¿Ten sentido, entón, propoñer que os mozos de 16 anos que superen o exame teórico do carné de conducir poidan sentar ao volante dun coche, sempre que vaian acompañados dun adulto? Por moitos anos de experiencia que lle esixan ao copiloto, non vai conducir por eles.

Neste caso, o mozo que levaba o automóbil tamén viña do botellón, e sobrepasaba o límite de alcoholemia. Parece ser que tamén sobrepasaba o límite de velocidade permitido. Ían con présa. Un poste de formigón detivo a súa carreira. E a vida das mozas. Viaxaban seis no mesmo coche. Unha traxedia.

O problema é que estes accidentes estanse a converter nun caso habitual. Prodúcense demasiados. Séganse vidas de xoves en exceso. Son tantos que é sinxelo pensar que en lugar dunha traxedia, é unha traxedia máis. O condutor foi acusado de homicidio por imprudencia. Con isto non van arranxar nada, a morte non ten remedio, pero así non dá lugar a dúbida que o conducir baixo os efectos do alcohol e sen cumprir as normas de circulación constitúe un delito. Causar a morte por este motivo é un homicidio.

María Canosa, *La Voz de Galicia*, 2-10-2007.

BLOQUE I

1.- Indica cal é o tema do texto e fai unha síntese del. (1 punto)

2.- Expón a túa opinión persoal sobre o problema que se expón no texto. (Mínimo 20 liñas) (2 puntos)

BLOQUE II

3.- Sinala catro formas verbais do subxuntivo que atopes no texto e di o tempo, número e persoa de cada unha delas. (1 punto)

4.- Indica un sinónimo e un antónimo do significado que no texto teñen as seguintes palabras: *mortos* (liña 1), *posto* (liña 3), *nova* (liña 4), *habitual* (liña 11) e *sinxelo* (liña 12). (1 punto)

5.- Analiza sintacticamente a seguinte oración: ¿*Ten sentido propoñer que os mozos de 16 anos poidan sentar ao volante dun coche*? (1 punto)

6.- O conflito lingüístico. Definición, causas e consecuencias. (Mínimo 15 liñas) (1 punto)

BLOQUE III

7.- A xeración Nós. Características. Autores e obras. (Mínimo 20 liñas) (3 puntos)

LINGUA GALEGA E LITERATURA

OPCIÓN 1

Como adoitaba acontecer, comezamos a falar todos á vez sen máis intención cá de expoñer o que opinabamos cada quen. A min, que a vira nos telediarios da noite anterior, a noticia do rapaz que matara ós pais e á irmá afectárame especialmente. A miña familia tamén estaba composta polo pai, a nai, un irmán e mais eu.

—¡A pena de morte! —a miña voz soou máis alta e calaron as outras— só eliminándoo a el podemos estar seguros de que non a vai repetir.

¡Pena de morte! Foi como se pronunciase a frase fatídica. Nor, sempre tan perfecta, comezou a rebaterme. Os compañeiros de máis preto deixaron de discutir para nos escoitar. No resto da aula tamén se facían grupos de debate.

—Por favor, Marta, é como se dixeses que a maneira de erradicar a pobreza no mundo é eliminando os pobres. Para que non haxa asasinos, ¡ala!, matámolos.

—Pois si, penso que sería unha boa solución. Moléstame estar comendo con esas imaxes de miseria e fame que dan noxo. Se non saben buscarse a vida que desaparezan dunha vez e senón que o Bill Gates ese lles dea un belisco da súa fortuna. A min que me deixen en paz. Non teño por que aturar iso...

Fina Casalderrey, *Electrocardiograma plano*, 2001.

BLOQUE I

1.- Explica cal é a estrutura do texto. (1 punto)

2.- Expón a túa opinión crítica sobre a existencia da pena de morte. (Mínimo 20 liñas) (2 puntos)

BLOQUE II

3.- Indica se a vogal tónica das seguintes palabras é aberta ou pechada: *vez* (liña 1), *tamén* (liña 3), *pobreza* (liña 10), *pobres* (liña 11), *noxo* (liña 13). (1 punto)

4.- Partindo do significado que teñen no texto, indica un sinónimo de cada un das seguintes formas: *acontecer* (liña 1), *preto* (liña 8), *erradicar* (liña 10), *asasinos* (liña 11), *aturar* (liña 15).

5.- Analiza sintacticamente a seguinte oración: *Moléstame estar comendo con esas imaxes de miseria e fame que dan noxo*. (1 punto)

6.- O conflito lingüístico. Definición, causas e consecuencias. (Mínimo 15 liñas) (1 punto)

BLOQUE III

7.- Tendencias da narrativa galega de posguerra. Autores e obras. (Mínimo 20 liñas) (3 puntos)

LINGUA GALEGA E LITERATURA

OPCIÓN 2

Para on Enrique Múgica, Defensor del Pueblo, os contrarios aos touros somos uns parvos. Non pode descoñecer que, neste país, máis dun 70% estamos nese apartado: na súa lóxica, a maioría do país é parva.

E supoño que tamén a maioría dos países que ven no espectáculo dos touros un acto de barbarie primitiva.

Como non ten brillado moito como valedor do pobo, faise agora valedor non dos touros, senón dos que torturan, dos que envilecen á xente cun espectáculo primitivo, dos que matan, para se divertiren, a touros indefensos. ¿É esta a estética que el defende e para a que di ter especial sensibilidade?

Para el, esa sensibilidade é case divina: non hai argumentos racionais para defender a tal «fiesta», e pensa —é un dicir— que non se pode explicar como tampouco os filósofos poden explicar racionalmente a existencia de Deus. «Ou se cre ou non se cre», di cheo de razón. Naturalmente, el cre.

O malo deses crentes sen dúbidas é que son dogmáticos. E un dogmático é alguén que nega ao outro, que o exclúe, que non sabe de convivencia nin de concordia.

Nun país normal o señor Múgica sería destituído de maneira fulminante.

Pero aquí, como nos tempos de Franco, só porque iso é o que pide a cidadanía, que el non defende, posponse o cesamento: así non se demostra debilidade. Pero si que os que o nomearon se lle asemellan bastante.

Xosé Luís Franco Grande, *La Voz de Galicia*, 8-12-2008.

BLOQUE I

1.- Fai un esquema coas ideas principais e secundarias do texto. (1 punto)

2.- Expón a túa opinión crítica sobre o que se di no texto. (Mínimo 20 liñas) (2 puntos)

BLOQUE II

3.- Segmenta morfoloxicamente as seguintes palabras indicando o valor de cada un dos compoñentes: *descoñecer* (liña 2), *apartado* (liña 2), *envilecen* (liña 7), *convivencia* (liña 15), *cidadanía* (liña 17). (1 punto)

4.- Indica o significado que no texto teñen as seguintes palabras: *barbarie* (liña 5), *envilecen* (liña 7), *estética* (liña 8), *dogmáticos* (liña 14), *fulminante* (liña 16). Non son válidas as definicións só con sinónimos. (1 punto)

5.- Indica no texto catro formas *que* que non teñan valor de relativo. (1 punto)

6.- A normalización lingüística do galego. Estado actual e perspectivas da lingua galega. (Mínimo 15 liñas) (1 punto)

BLOQUE III

7.- A literatura galega do exilio. Características. Autores e obras. (Mínimo 20 liñas) (3 puntos)

Criterios de Avaliación / Corrección

CONVOCATORIA DE XUÑO

OPCIÓN 1

PREGUNTA 1: 1 punto

Con esta pregunta preténdese avaliar a comprensión do texto e a capacidade que o alumnado ten para visualizar a súa estrutura xerárquica por medio da indicación das ideas principais e secundarias.

PREGUNTA 2: 2 puntos

Con esta cuestión quérese avaliar a capacidade do alumnado para elaborar un xuízo crítico, ben organizado e argumentado, sobre o aspecto indicado. Preténdese observar igualmente a súa competencia para expresar eses xuízos nunha composición organizada e cunha expresión lingüística correcta e eficaz.

Concederanse 2 puntos cando a redacción exprese con claridade as opinións, presente teses e argumentos de xeito ordenado, haxa boa organización e secuencia lóxica destes, posúa unha estrutura progresiva e a expresión sexa fluída.

Concederanse 1,5 puntos cando a redacción presente algunha confusión, ambigüidade ou incongruencia na expresión, repetición de ideas -aínda que estean expostas con claridade-, haxa unha organización pouco ríxida do texto, os argumentos non estean ben ordenados e a expresión non sexa fluída.

Concederase 1 punto cando a redacción sexa deficiente, non se expresen con orde nin claridade as opinións, haxa pouca organización do contido, as ideas aparezan confusas e mal conectadas e a redacción non teña unha secuencia lóxica.

Concederanse 0,5 puntos cando a redacción e a organización do texto sexan deficientes, haxa repeticións innecesarias, o texto non teña cohesión e resulte difícil a comprensión da intención comunicativa.

Non se concederán puntos cando a redacción sexa moi deficiente, non haxa organización do texto e as ideas aparezan dispersas e inconexas.

PREGUNTA 3: 1 punto

Cada vogal tónica da que se indique correctamente o seu grao de abertura valorarase con 0,2 puntos.

Son abertas as vogais tónicas de *miseria* e *logo*, as demais son pechadas.

PREGUNTA 4: 1 punto

Por cada palabra ben definida concederanse 0,2 puntos.

Preténdese valorar que o alumnado coñeza o significado que ten no texto a palabra indicada e que teña capacidade para explicar este significado. Non é precisa unha definición lexicográfica rigorosa. Non será válida a resposta cando só conteña sinónimos ou tradución a outra lingua.

PREGUNTA 5: 1 punto

Cada un dos *que* clasificado correctamente valorarase con 0,25 puntos.

Os *que* das liñas 2, 4 e 7 desempeñan a función de Complemento directo / Obxecto directo (ou denominacións equivalentes). O *que* da liña 12 desempeña a función de Suxeito (ou denominacións equivalentes).

PREGUNTA 6: 1 punto

Preténdese que o alumno demostre o seu coñecemento sobre a evolución e situación actual do proceso normalizador do galego e as perspectivas que se poden albiscar para o futuro.

PREGUNTA 7: 3 puntos

O alumnado deberá expresar os seus coñecementos sobre estes dous autores da literatura galega, deténdose especialmente nas súas obras máis representativas e nas características delas. Terase en conta tamén a coherencia da composición, a súa correcta estruturación e a expresión axeitada.

Ademais dos contidos conceptuais tamén se terá en conta a corrección lingüística do exame, polo que sobre a cualificación global se poderá descontar ata un máximo de 2 puntos por erros ortográficos. Os erros poderán ser:

- Moi graves: aquelas solucións que son alleas ó sistema lingüístico do galego (tempos compostos, mala colocación do pronome persoal átono...). Descontaranse 0,2 puntos.

- Graves: solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (*b/v*, *h*, *y*...). Acentuación diacrítica. Descontaranse 0,1 puntos.

- Leves: solucións galegas alleas ó estándar vixente. Acentuación non diacrítica. Penalizaranse con 0,05 puntos.

Só serán aceptadas as solucións ortográficas marcadas polas vixentes *Normas* do 2003.

OPCIÓN 2

PREGUNTA 1: 1 punto

Con esta pregunta preténdese avaliar a comprensión do texto e a capacidade que o alumnado ten para sintetizalo, indicando o tema e facendo unha reescrita que o condense.

PREGUNTA 2: 2 puntos

Con esta cuestión quérese avaliar a capacidade do alumnado para elaborar un xuízo crítico, ben organizado e argumentado, sobre o aspecto indicado. Preténdese observar igualmente a súa competencia para expresar eses xuízos nunha composición organizada e cunha expresión lingüística correcta e eficaz.

Concederanse 2 puntos cando a redacción exprese con claridade as opinións, presente teses e argumentos de xeito ordenado, haxa boa organización e secuenciamento lóxico, posúa unha estrutura progresiva e a expresión sexa fluída.

Concederanse 1,5 puntos cando a redacción presente algunha confusión, ambigüidade ou incongruencia na expresión, repetición de ideas -aínda que estean expostas con claridade-, haxa unha organización pouco ríxida do texto, os argumentos non estean ben ordenados e a expresión non sexa fluída.

Concederase 1 punto cando a redacción sexa deficiente, non se expresen con orde nin claridade as opinións, haxa pouca organización do contido, as ideas aparezan confusas e mal conectadas e a redacción non teña un secuenciamento lóxico.

Concederanse 0,5 puntos cando a redacción e a organización do texto sexan deficientes, haxa repeticións innecesarias, o texto non teña cohesión e resulte difícil a comprensión da intención comunicativa.

Non se concederán puntos cando a redacción sexa moi deficiente, non haxa organización do texto e as ideas aparezan dispersas e inconexas.

PREGUNTA 3: 1 punto

Cada forma verbal da que se sinale correctamente o tempo, número e persoa valorarase con 0,25 puntos. Se só se indica a forma, non se concederá puntuación ningunha.

No texto aparecen as seguintes formas de subxuntivo: *superen* (liña 5), *poidan* (liña 5), *vaian* (liña 6) e *esixan* (liña 6). As son formas de 3ª persoa do plural do presente.

PREGUNTA 4: 1 punto

Por cada sinónimo ou antónimo sinalado correctamente concederanse 0'1 puntos. Para que sexa considerada válida unha forma deberá ser unha forma galega e estar grafada sen faltas de ortografía.

Se o alumno indica varios sinónimos ou antónimos para a mesma palabra, só se terá en conta o primeiro deles.

PREGUNTA 5: 1 punto

Valorarase que na análise se perciba a xerarquía dos elementos da oración e as relacións entre eles, por medio da indicación das funcións sintácticas.

As funcións oracionais, coa puntuación que se concederá por marcar cada unha delas, son as seguintes:

- *Ten:* Verbo / Predicado / Núcleo do predicado (ou denominacións equivalentes). (0'10 puntos)

- *sentido:* Complemento directo / Obxecto directo (ou denominacións equivalentes) (0'15 puntos)

- *propoñer que os mozos de 16 anos poidan sentar ao volante dun coche*: Suxeito (ou denominacións equivalentes) (0'15 puntos)

- *propoñer*: Verbo / Predicado / Núcleo do predicado (ou denominacións equivalentes). (0'10 puntos)

- *que os mozos de 16 anos poidan sentar ao volante dun coche*: Complemento directo / Obxecto directo (ou denominacións equivalentes) (0'15 puntos)

- *os mozos de 16 anos*: Suxeito (ou denominacións equivalentes) (0'10 puntos)

- *poidan sentar*: Considerarase válido tanto que se analice como unha perífrase coa función de verbo / predicado / núcleo do predicado (ou denominacións equivalentes) como que se analice *poidan* como verbo e *sentar* como o seu obxecto directo. Neste caso habería que analizar *sentar* novamente como verbo. (0´10 puntos no seu conxunto)

- *ao volante dun* coche: Complemento circunstancial (ou denominacións equivalentes). (0'15 puntos)

PREGUNTA 6: 1 punto

Preténdese que o alumno demostre o seu coñecemento sobre o concepto de *conflito lingüístico*, as causas que o provocan e as consecuencias que se derivan desta situación.

PREGUNTA 7: 3 puntos

O alumnado deberá expresar os seus coñecementos sobre a literatura da xeración Nós. Aínda que se debe facer mención ós autores e obras máis representativos deste período, non se considerará correctamente respondida esta pregunta cando se limite a unha listaxe de autores e obras. Terase en conta tamén a coherencia

da composición, a súa correcta estruturación e a expresión axeitada.

Ademais dos contidos conceptuais tamén se terá en conta a corrección lingüística do exame, polo que sobre a cualificación global se poderá descontar ata un máximo de 2 puntos por erros ortográficos. Os erros poderán ser:

- Moi graves: Aquelas solucións que son alleas ó sistema lingüístico do galego (tempos compostos, mala colocación do pronome persoal átono...). Descontaranse 0,2 puntos.

- Graves: Solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (*b/v*, *h*, *y*...). Acentuación diacrítica. Descontaranse 0,1 puntos.

- Leves: Solucións galegas alleas ó estándar vixente. Acentuación non diacrítica. Penalizaranse con 0,05 puntos.

Só serán aceptadas as solucións ortográficas marcadas polas vixentes *Normas* do 2003.

CONVOCATORIA DE SETEMBRO

OPCIÓN 1

PREGUNTA 1: 1 punto

Con esta pregunta preténdese avaliar a comprensión do texto e a capacidade que o alumnado ten para visualizar a súa estrutura.

PREGUNTA 2: 2 puntos

Con esta cuestión quérese avaliar a capacidade do alumnado para elaborar un xuízo crítico, ben organizado e argumentado, sobre o aspecto indicado. Preténdese observar igualmente a súa competencia para expresar eses xuízos nunha composición organizada e cunha expresión lingüística correcta e eficaz.

Concederanse 2 puntos cando a redacción exprese con claridade as opinións, presente teses e argumentos de xeito ordenado, haxa boa organización e secuencia lóxica, posúa unha estrutura progresiva e a expresión sexa fluída.

Concederanse 1,5 puntos cando a redacción presente algunha confusión, ambigüidade ou incongruencia na expresión, repetición de ideas -aínda que estean expostas con claridade-, haxa unha organización pouco ríxida do texto, os argumentos non estean ben ordenados e a expresión non sexa fluída.

Concederase 1 punto cando a redacción sexa deficiente, non se expresen con orde nin claridade as opinións, haxa pouca organización do contido, as ideas aparezan confusas e mal conectadas e a redacción non teña un secuencia lóxica.

Concederanse 0,5 puntos cando a redacción e a organización do texto sexan deficientes, haxa repeticións innecesarias, o texto non teña cohesión e resulte difícil a comprensión da intención comunicativa.

Non se concederán puntos cando a redacción sexa moi deficiente, non haxa organización do texto e as ideas aparezan dispersas e inconexas.

PREGUNTA 3: 1 punto

Cada vogal tónica da que se indique correctamente o seu grao de abertura valorarase con 0,2 puntos.

Son abertas as vogais tónicas de *tamén* e de *pobres*, as demais son pechadas.

PREGUNTA 4: 1 punto

Para cada palabra da que se indique un sinónimo correcto concederanse 0,2 puntos. Para ser correcto o sinónimo debe ser unha palabra galega e estar grafada sen erros ortográficos.

Se o alumno indica varios sinónimos para a mesma palabra, concederánselle unicamente 0,2 puntos polo conxunto de sinónimos. Se indicase varios e algún deles fose claramente incorrecto, non se lle concederá ningunha puntuación nesa resposta.

PREGUNTA 5: 1 punto

Valorarase que na análise se perciba a xerarquía dos elementos da oración e as relacións entre eles, por medio da indicación das funcións sintácticas.

As funcións oracionais, coa puntuación que se concederá por marcar cada unha delas, son as seguintes:

- *Molesta:* Verbo / Predicado / Núcleo do predicado (ou denominacións equivalentes). (0´1 puntos).

- *me:* Tendo en conta que o verbo *molestar* neste contexto pode construírse con acusativo ou con dativo, e sen entrar en consideracións máis profundas que pensamos que non poden ser esixidas ó alumnado deste nivel, aceptarase tanto a resposta de Complemento directo / Obxecto directo (ou denominacións equivalentes) coma a de Complemento indirecto / Obxecto indirecto (ou denominacións equivalentes). (0´1 puntos).

- *estar comendo con esas imaxes de miseria e fame que dan noxo*: Suxeito (ou denominacións equivalentes) (0'15 puntos)

- *estar comendo*: Verbo / Predicado / Núcleo do predicado (ou denominacións equivalentes). (0'1 puntos).

- *con esas imaxes de miseria e fame que dan noxo*: Complemento circunstancial (ou denominacións equivalentes). (0'15 puntos).

- *que* : Suxeito (ou denominacións equivalentes) (0'15 puntos)

-*dan:* Verbo / Predicado / Núcleo do predicado (ou denominacións equivalentes). (0'1 puntos).

-*noxo*: Complemento directo / Obxecto directo (ou denominacións equivalentes) (0'15 puntos).

PREGUNTA 6: 1 punto

Preténdese que o alumnado demostre o seu coñecemento sobre o concepto de *conflito lingüístico*, as causas que o provocan e as consecuencias que se derivan desta situación.

PREGUNTA 7: 3 puntos

O alumnado deberá expresar os seus coñecementos sobre as tendencias presentes na narrativa galega na etapa de posguerra. Aínda que se debe facer mención ós autores e obras máis representativos deste período, non se considerará correctamente respondida esta pregunta cando se limite a unha listaxe de autores e obras. Terase en conta tamén a coherencia da composición, a súa correcta estruturación e a expresión axeitada.

OPCIÓN 2

PREGUNTA 1: 1 punto

Con esta pregunta preténdese avaliar a comprensión do texto e a capacidade que o alumnado ten para visualizar a súa estrutura xerárquica por medio da indicación das ideas principais e secundarias.

PREGUNTA 2: 2 puntos

Con esta cuestión quérese avaliar a capacidade do alumnado para elaborar un xuízo crítico, ben organizado e argumentado, sobre o aspecto indicado. Preténdese observar igualmente a súa competencia para expresar eses xuízos nunha composición organizada e cunha expresión lingüística correcta e eficaz.

Concederanse 2 puntos cando a redacción exprese con claridade as opinións, presente teses e argumentos de xeito ordenado, haxa boa organización e secuencia lóxica, posúa unha estrutura progresiva e a expresión sexa fluída.

Concederanse 1,5 puntos cando a redacción presente algunha confusión, ambigüidade ou incongruencia na expresión, repetición de ideas -aínda que estean expostas con claridade-, haxa unha organización pouco ríxida do texto, os argumentos non estean ben ordenados e a expresión non sexa fluída.

Concederase 1 punto cando a redacción sexa deficiente, non se expresen con orde nin claridade as opinións, haxa pouca organización do contido, as ideas aparezan confusas e mal conectadas e a redacción non teña un secuencia lóxica.

Concederanse 0,5 puntos cando a redacción e a organización do texto sexan deficientes, haxa repeticións innecesarias, o texto non teña cohesión e resulte difícil a comprensión da intención comunicativa.

Non se concederán puntos cando a redacción sexa moi deficiente, non haxa organización do texto e as ideas aparezan dispersas e inconexas.

PREGUNTA 3: 1 punto

Por cada palabra segmentada correctamente, indicando acertadamente o valor de cada un dos morfemas, concederanse 0'2 puntos. Se está ben segmentada pero non é correcta a indicación do valor, só se concederán 0'1 puntos por esa palabra.

A segmentación correcta é a seguintes:

- *Des-coñec-e-r. Des-:* Prefixo*; -coñec-:* Raíz / base / lexema (ou denominacións equivalentes)*; -e-:* Vogal temática*; -r-:* Sufixo de modo e tempo. (Tamén se puntuará como válida a segmentación sen delimitar a vogal temática, considerándoa, xa que logo, como parte da raíz).

- *A-part-a-d-o*.

<u>Opción 1</u>: Tendo en conta que esta forma, no texto, é un substantivo, é máis correcta a seguinte segmentación: *A-part-ado*: *A-/-ado*: Morfema derivativo descontinuo (Tamén se considerará válido indicar que *A-* é prefixo e *–ado* sufixo (derivativo); -*part-*: Raíz / base / lexema (ou denominacións equivalentes).

<u>Opción 1</u>: Non obstante, tamén consideramos válida a seguinte: *A-*: Prefixo; -*part-*: Raíz / base / lexema (ou denominacións equivalentes); -*a-*: Vogal temática; -*d-* : Sufixo (de modo e tempo); -*o-*: Sufixo (de xénero). (Tamén se puntuará como válida a segmentación sen delimitar a vogal temática, considerándoa, xa que logo, como parte da raíz).

- *En-vil-ec-e-n. En-/-ec-:* Morfema derivativo descontinuo. (Tamén se considerará válido indicar que

En- é prefixo e *–ec-* sufixo (derivativo); *-vil-:* Raíz; *-e-:* Vogal temática. *–n*: Sufixo de número e persoa. (Tamén se puntuará como válida a segmentación sen delimitar a vogal temática, considerándoa, xa que logo, como parte da raíz).

- *Con-viv-encia. Con-:* Prefixo; *-viv-:* Raíz / base / lexema (ou denominacións equivalentes)*; -encia-:* Sufixo (derivativo).

- *Cidad-an-ía. Cidad-:* Raíz / base / lexema (ou denominacións equivalentes)*; -an-:* Sufixo (derivativo); *-ía*: Sufixo (derivativo).

PREGUNTA 4: 1 punto

Por cada palabra ben definida concederanse 0,2 puntos.

Preténdese valorar que o alumnado coñeza o significado que ten no texto a palabra indicada e que teña capacidade para explicar este significado. Non é precisa unha definición lexicográfica rigorosa. Non será válida a resposta cando só conteña sinónimos ou tradución a outra lingua.

PREGUNTA 5: 1 punto

Por cada forma indicada correctamente concederanse 0,25 puntos. Os *que* non relativos do texto son os seguintes:

Liña 2: *...descoñecer que,..*

Liña 4: *E supoño que...*

Liña 11: *...que non se pode...*

Liña 14*: ...é que son...*

Liña 18*: Pero si que...*

PREGUNTA 6: 1 punto

Preténdese que o alumnado demostre o seu coñecemento sobre a evolución e situación actual do proceso normalizador do galego e as perspectivas que se poden albiscar para o futuro.

PREGUNTA 7: 3 puntos

O alumnado deberá expresar os seus coñecementos sobre a literatura galega no exilio. Aínda que se debe facer mención ós autores e obras máis representativos, non se considerará correctamente respondida esta pregunta cando se limite a unha listaxe de autores e obras. Terase en conta tamén a coherencia da composición, a súa correcta estruturación e a expresión axeitada.

Ademais dos contidos conceptuais tamén se terá en conta a corrección lingüística do exame, polo que sobre a cualificación global se poderá descontar ata un máximo de 2 puntos por erros ortográficos. Os erros poderán ser:

- Moi graves: aquelas solucións que son alleas ó sistema lingüístico do galego (tempos compostos, mala colocación do pronome persoal átono...). Descontaranse 0,2 puntos.

- Graves: solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (*b/v*, *h*, *y*...). Acentuación diacrítica. Descontaranse 0,1 puntos.

- Leves: solucións galegas alleas ó estándar vixente. Acentuación non diacrítica. Penalizaranse con 0,05 puntos.

Só serán aceptadas as solucións ortográficas marcadas polas vixentes *Normas* do 2003.